

AVALIACIÓN NA EOI *

B1, B2, C1, C2

5 DESTREZAS

Vas examinar de 5 destrezas de lingua: comprensión de textos escritos ou C.T.E. (**lectura**), comprensión de textos orais ou C.T.O. (**escoita**), produción e coprodución de textos escritos, ou P.C.T.E. (**escritura**), produción e coprodución de textos orais, ou P.C.T.O. (**fala**) e **mediación**, ou M (tanto oral coma escrita)

4 PROBAS

As 5 destrezas serán avaliadas en 4 probas diferenciadas.

Por que catro? Porque a **mediación oral** vas facela durante a proba de fala e a **mediación escrita** durante a proba de escritura.

Olo! Aínda que se faga por separado, a mediación é unha soa destreza, por iso, de suspendela ou querer subir nota, terías que repetir as súas dúas partes: a oral e a escrita.

NOTAS

A nota máxima en cada unha das 5 destrezas é 25 puntos, para un total de 125.

Para aprobares necesitas acadar 81'25 puntos globais sen notas por debaixo de 12'5.



0 - 12

SUSPENSO



12'5 -16

COMPENSABLE



16'25 -25

APROBADO

CASOS

Podes aprobar obtendo **aprobado** en todas as destrezas ou obtendo notas **compensables**, sempre que a calificación global sume 81'25 puntos ou máis.

	lectura	escoita	escritura	fala	mediación	GLOBAL
Caso 1	16'25	16'25	16'25	16'25	16'25	81'25
Caso 2	20	21	13	14	18	86
Caso 3	25	18'75	12'5	12'5	12'5	81'25
Caso 4	15	15	15	15	15	75
Caso 5	12'5	12'5	12'5	12'5	12'5	62'5
Caso 6	23	21	19	10	18	91
Caso 7	23	13	11	9	14	70

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

O alumnado **oficial** poderá presentarse ás destrezas suspensas na convocatoria extraordinaria.

Se sacas **menos de 12'5** puntos tes que presentarte a esa destreza na convocatoria extraordinaria para poder aprobar. Se sacas **entre 12'5 e 16'25** podes presentarte para para subir nota (só se a nota global é suspenso). Cunha nota de **16'25 ou máis** non poderás volver presentarte a esa destreza. Nos **casos 4 e 5**, poderías presentarte a todas ou só a aquelas destrezas nas que penses que che vai ir mellor para chegares a 81'25. No **caso 6** terías que presentarte á suspenso e, no **caso 7**, terías que presentarte ás suspensas e, se queres, ás compensables.

Non perdes nada con presentarse a todas, xa que prevalece a nota da ordinaria se é máis alta.

AVALIACIÓN NA EOI *

A2

4 DESTREZAS

Vas examinar-te de 5 destrezas de lingua: comprensión de textos escritos ou C.T.E. (lectura), comprensión de textos orais ou C.T.O. (escoita), produción e coprodución de textos escritos, ou P.C.T.E. (escritura), produción e coprodución de textos orais, ou P.C.T.O. (fala). Estas 4 destrezas serán avaliadas en 4 probas diferentes.

NOTAS

A nota máxima en cada unha das 4 destrezas é 25 puntos, para un total de 100. Para aprobares necesitas acadar **60** puntos globais sen notas por debaixo de 15.



SUSPENSO



APROBADO

CASOS

	lectura	escoita	escritura	fala	GLOBAL
CASO 1	19	21	17	20	77
CASO 2	15	15	15	15	60
CASO 3	25	20	12	20	77
CASO 4	12	14	10	13	49

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

O alumnado oficial poderá presentarse ás destrezas suspensas na convocatoria extraordinaria.

Se sacas **menos de 15** puntos tes que presentarte a esa destreza na convocatoria extraordinaria para poderes aprobar.

Cunha nota de **15 ou máis** non poderás volver presentarte a esa destreza.

No **caso 3** terías que presentarte á destreza suspensa e, no **caso 4**, a todas.